



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 22 de maio de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 15 de maio de 2019.
2. Concédese licenza para a legalización de obras, con demolición de planta primeira e baixo cuberta, dunha construción existente sen licenza no lugar de Casás, Ardán, Marín.
3. Apróbase o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado, modalidade abreviada, das obras de “Instalación de ascensor exterior a Museo Municipal Manuel Torres”, cofinanciado con cargo á subvención, por importe de 40.000 euros concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para o ano 2019, correspondente ao 65,34 € do proxecto, cun orzamento base de licitación, sen IVE, de 50.594,46 euros.
4. Establécese o prezo público para os Campamentos de Conciliación Urbanos e Rurais 2019 en Marín, cunha cota a abonar por participante de 30 euros por praza.
5. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 24.00 euros, equivalente aos custos salariais dos traballadores contratados, máis a cotización empresarial á Seguridade Social derivada de ditos salarios, resultantes da contratación de 8 traballadores/as desempregados/as, polo prazo de dous meses, para a realización da obra ou servizo denominado “Salvamento e socorrismo”, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
6. Dáse conta das bases reguladoras da subvención a entidades locais para a programación de actividades de dinamización da lectura que promovan a igualdade entre homes e mulleres e/ou loita contra a violencia de xénero nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, da Consellería de Cultura e Turismo.
7. Dáse conta das bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego” nos concellos, da Deputación de Pontevedra.
8. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.
9. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta da concesión de subvención do Fondo de Compensación Ambiental, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por importe de 29.876,24 euros, correspondente ao 75% do orzamento total do proxecto denominado “Mellora e renovación do alumeado público exterior da rúa República Argentina”.
2. Concédese licenza de obras para a construción de vivenda unifamiliar en Lugar Macenlle, Pardavila, Marín.

A ALCALDESA EN FUNCÍONS,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30002FEEE00R1U1X7A0O0K1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190196334
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa en funcións - 30/05/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2019 09:05:35	Fecha: 30/05/2019 Hora: 09:05

